

CONVOCATORIA	Proceso selectivo para cubrir o posto de un/unha axudante en programas de subvencións, encadrado no grupo C1-20, correspondente á convocatoria para nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal “Oficina técnica de asesoramento para o impulso da transición enerxética local 2026-2027” con destino ó servizo de Cooperación.
PRAZA/POSTO	1566 - Axudante en programas de subvencións
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	30/04/2026

1. Segundo establece o artigo 53.3 da Constitución Española, que función teñen os principios reitores da política social e económica:

- a) Son directamente esixibles ante calquera tribunal
- b) Só obrigan ao poder executivo
- c) Informan a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos
- d) Son normas sen valor xurídico

2. Segundo o artigo 27 da Constitución Española, que dereito fundamental se recoñece:

- a) Dereito á liberdade ideolóxica
- b) Dereito á educación
- c) Dereito á folga
- d) Dereito á tutela xudicial efectiva

3. De conformidade co artigo 53.1 da Constitución Española, que reserva de lei se establece para o desenvolvemento dos dereitos e liberdades do Capítulo II (do Título I):

- a) Lei ordinaria en todo caso
- b) Lei orgánica en todo caso
- c) Lei que en todo caso deberá respectar o seu contido esencial
- d) Decreto-lei en casos de urxente necesidade

4. De conformidade co artigo 36.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente:

- a) Serán libremente decididas polas mesmas
- b) As que lle atribúan exclusivamente as Leis das Comunidades Autónomas
- c) As que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública
- d) As que lle atribúan soamente a Lei do Estado

5. Segundo o artigo 26.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, os Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- a) Protección civil
- b) Parque público
- c) Instalacións deportivas
- d) Transporte urbano de viaxeiros

6. Segundo o artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cal dos seguintes principios non aparece expresamente:

- a) Neutralidade política
- b) Imparcialidade
- c) Obxectividade
- d) Xerarquía

7. Conforme o artigo 3 da Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas vinculadas ó falecido por razóns familiares ou de feito así como os seus herdeiros:

- a) Non poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento para solicitar o acceso aos datos persoais de aquela, se non é por vía xudicial
- b) Só poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento, sempre que sexa con obxecto de rectificar datos manifestamente falsos

c) Poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento sempre que sexa co obxecto de solicitar a supresión dos datos persoais de aquela sen posibilidade de acceder a eles

d) Poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitalo acceso aos datos persoais de aquela e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión

8. A fase de instrución do procedemento regulada na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con que capítulo do Título IV da lei se corresponde:

a) Capítulo I

b) Capítulo II

c) Capítulo III

d) Capítulo IV

9. Conforme ao artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado:

a) Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos

b) Cando o acto teña por destinatario unha pluralidade determinada de persoas

c) Cando a notificación persoal resultase defectuosa

d) Cando a administración así o estableza regulamentariamente

10. De acordo co establecido no artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Antes de ditar resolución, o órgano competente para resolver poderá decidir, mediante acordo motivado, a realización das actuacións complementarias indispensables para resolver o procedemento

b) O acordo de realización de actuacións complementarias se notificará aos interesados, concedéndolles un prazo de 10 días para formular alegacións

c) As actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo non superior a 20 días

d) O prazo para resolver o procedemento non quedará suspendido

11. Segundo o artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos, salvo que:(SINALE A INCORRECTA):

- a) Unha disposición estableza o contrario
- b) Se trate dunha resolución dun procedemento de natureza sancionadora contra a que caiba algún recurso en vía administrativa, incluído o potestativo de reposición
- c) Cando así o esixa o contido do acto
- d) Se necesite aprobación ou autorización superior

12. De acordo coa literalidade do artigo 35.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a motivación dos actos que poñan fin aos procedementos selectivos realizarase:

- a) De conformidade co que dispoñan as normas que regulen as súas convocatorias
- b) De conformidade co que dispoñan as bases reguladoras do proceso en cuestión
- c) De conformidade co que dispoñan a Constitución e as leis
- d) De conformidade coas normas regulamentarias e bases da convocatoria

13. Tal e como establece o artigo 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) A declaración de lesividade esixirá previa audiencia de cantos aparezan como interesados
- b) Será susceptible de recursos
- c) Transcorrido o prazo de 3 meses desde a iniciación do procedemento sen que declarara a lesividade, producirase a caducidade deste
- d) Se o acto proviñera das entidades que integran a Administración local, a declaración de lesividade adoptarase polo Alcalde-Presidente

14. As facultades de revisión ás que se refire o artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non poderán ser exercidas cando por prescrición das accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario a:

- a) A relación de confianza, ao interese das partes ou á expectativa de dereitos creada
- b) A proporcionalidade do dano causado, ao interese público ou ao dereito de xentes
- c) A confianza lexitima, ao dereito particular ou ás costumes
- d) A equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis

15. Cal destes principios NON é un obxectivo fundamental da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o seu artigo 1:

- a) Liberdade de acceso ás licitacións
- b) Publicidade e transparencia dos procedementos
- c) Non discriminación e igualdade de trato entre licitadores
- d) Maximización do beneficio industrial do contratista, prestación de servizo a cambio dunha tarifa, taxa ou prezo publico

16. O artigo 18 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, define os "Contratos Mixtos". Como se determina con carácter xeral a norma aplicable para a súa adxudicación:

- a) Aplicar as normas do contrato de obras en calquera caso
- b) Se as distintas prestacións non son separables atenderase o carácter da prestación principal
- c) Aplícase a norma da prestación que sexa tecnicamente máis difícil
- d) Aplícase sempre o dereito civil privado

17. Segundo o artigo 65 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cales son as condicións básicas para que unha empresa poida contratar co sector público:

- a) Ter domicilio social en España e 5 anos de experiencia
- b) Posuír plena capacidade de obrar, non estar incurso en prohibicións de contratar e acreditar a súa solvencia
- c) Ser unha sociedade limitada ou anónima exclusivamente
- d) Ter un volume de facturación superior a 100.000 euros anuais

18. Os gastos en concepto de bolsas e estudos e investigación, de acordo coa estrutura orzamentaria dos orzamentos das entidades locais, impútanse a:

- a) Capítulo I: gastos de persoal
- b) Capítulo II: gastos correntes en bens e servizos
- c) Capítulo IV: transferencias correntes
- d) Capítulo V: transferencias a familias e institucións sen fins de lucro

19. A aplicación orzamentaria virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica a nivel de:

- a) Grupo de programa ou programas e concepto ou subconcepto respectivamente
- b) Políticas de gastos e conceptos.
- c) Grupo orgánico e subconceptos
- d) Partida orzamentaria e conceptos

20. A que créditos afecta a prórroga orzamentaria segundo o artigo 169.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL):

- a) A todos os créditos do orzamento anterior sen excepción
- b) Exclusivamente aos créditos destinados a gastos de persoal e gastos correntes
- c) Aos créditos iniciais do orzamento anterior pero non a aqueles para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados
- d) Unicamente aos créditos iniciais, prohibíndose calquera modificación orzamentaria ata que se aprobe o novo orzamento

21. Cal é o prazo de conservación das facturas segundo o Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación (art. 19):

- a) 3 anos
- b) 4 anos (prazo de prescrición tributaria)
- c) Durante o período previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (xeralmente 4 anos)

d) 10 anos por normativa de branqueo de capitais

22. Segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto das prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora:

a) Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades en quen concorra algunha das circunstancias previstas neste artigo salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora

b) Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora unicamente as persoas ou entidades que non acrediten o cumprimento das obrigas tributarias

c) Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora unicamente as persoas ou entidades que non acrediten o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social

d) Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora unicamente as persoas ou entidades que non xustifiquen a realización da actividade subvencionada

23. Segundo o artigo 19 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto da compatibilidade das subvencións:

a) O importe das subvencións, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar o custo da actividade subvencionada cando así o establezan as bases reguladoras

b) O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada

c) O importe das subvencións, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar o custo da actividade subvencionada cando así o autorice o órgano concedente

d) O importe das subvencións, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, poderá superar o custo da actividade subvencionada cando así o solicite o beneficiario

24. Segundo o artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto da concesión directa de subvencións:

- a) Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais
- b) Poderán concederse de forma directa as subvencións que sexan obxecto de convocatoria pública en réxime de concorrència competitiva
- c) Poderán concederse de forma directa as subvencións cuxa contía sexa inferior a 3.000 euros
- d) Poderán concederse de forma directa as subvencións que sexan determinadas discrecionalmente polo órgano concedente

25. Segundo o artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto da xustificación das subvencións:

- a) A xustificación da subvención realizarase sempre mediante conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto
- b) Regulamentariamente, establecerase un sistema de validación e estampillado de xustificantes de gasto que permita o control da concorrència de subvencións
- c) A xustificación da subvención non será esixible cando a contía sexa inferior a 6.000 euros
- d) A xustificación da subvención será potestativa cando a concesión sexa directa

26. Segundo o artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente:

- a) Desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data en que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta
- b) Unicamente cando exista incumprimento total da actividade subvencionada
- c) Unicamente cando exista incumprimento formal das obrigas de xustificación
- d) Cando así o declare o órgano xudicial competente

27. Segundo o artigo 44 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto do control financeiro das subvencións:

- a) O control financeiro das subvencións terá por obxecto exclusivo a verificación documental da xustificación presentada polo beneficiario
- b) O control financeiro das subvencións terá por obxecto verificar a adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- c) O control financeiro das subvencións terá por obxecto exclusivo o control das entidades colaboradoras
- d) O control financeiro das subvencións terá carácter potestativo para o órgano concedente

28. Segundo os artigos 57 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto das infraccións en materia de subvencións, constitúe infracción grave:

- a) A obtención dunha subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a tivesen impedido ou limitado.
- b) A obtención da condición de entidade colaboradora falseando os requisitos requiridos nas bases reguladoras da subvención ou ocultando os que a tivesen impedido
- c) A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención foi concedida
- d) A falta de entrega, por parte das entidades colaboradoras, cando así se estableza, aos beneficiarios dos fondos recibidos de acordo cos criterios previstos nas bases reguladoras da subvención

29. Tendo en conta o estipulado no artigo 117.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala a resposta correcta en relación aos efectos da interposición de calquera recurso:

- a) Sempre suspenderá a execución do acto impugnado
- b) Excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado
- c) Nunca suspenderá a execución do acto impugnado
- d) Excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, suspenderá a execución do acto impugnado

30. De conformidade co artigo 124.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, SINALA A RESPONSA CORRECTA en relación ao recurso potestativo de reposición:

- a) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do mencionado recurso será de dous meses
- b) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do mencionado recurso será dun ano
- c) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do mencionado recurso será dun mes
- d) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do mencionado recurso será de tres meses

31. Segundo o artigo 125.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala a resposta correcta en relación a cal das seguintes é unha das circunstancias para que se poida interpoñer o recurso extraordinario de revisión:

- a) Naqueles actos firmes en vía administrativa que ao ditalos incorrésese en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente
- b) Naquelas resolucións administrativas que se vexan afectadas pola aparición de documentos de valor especial que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro na mesma
- c) Naqueles actos firmes en vía administrativa nos que aparezan documentos declarados falsos por sentenza administrativa firme
- d) Naqueles actos que se tivesen ditado como consecuencia de prevaricación, suborno, violencia, maquinación fraudulenta e outra conduta punible

32. Tal como dispón o vixente artigo 10.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 250 de data 27/12/2024) o requisito de estar ao corrente das obrigacións tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma, fronte á Seguridade Social e coa Deputación) debe cumprirse:

- a) Unicamente no momento do pago
- b) Con anterioridade á proposta de resolución de concesión
- c) No momento de ditarse a resolución definitiva
- d) No momento de presentar a solicitude

33. De conformidade co establecido no artigo 25.1 relativo ao prazo de xustificación que figura na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 250 de data 27/12/2024) para a presentación, como norma xeral, de todos e cada un dos elementos integrantes da conta xustificativa deberá realizarse, como máximo, no prazo de:

- a) Un mes desde a finalización do prazo para a realización da actividade, salvo que nas bases reguladoras ou nos actos de concesión fíxense prazos distintos
- b) Seis meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade, salvo que nas bases reguladoras ou nos actos de concesión fíxense prazos distintos
- c) Un ano desde a finalización do prazo para a realización da actividade, salvo que nas bases reguladoras ou nos actos de concesión fíxense prazos distintos
- d) Tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade, salvo que nas bases reguladoras ou nos actos de concesión fíxense prazos distintos

34. No artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), recóllese a seguinte definición: *“É a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto”*. Con cal das seguintes definicións correspóndese?

- a) Emenda (artigo 97.5 do ROF)
- b) Ditame (artigo 97.1 do ROF)
- c) Moción (artigo 97.3 do ROF)
- d) Rogo (artigo 97.6 do ROF)

35. Tendo en conta o artigo 100 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), cando se considera a votación dun acordo por un membro da Corporación como unha abstención:

- a) No suposto de abandono do salón de sesións, non poderán reintegrarse para poder votar os membros da Corporación
- b) Cando o membro da Corporación se houbese ausentado do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación do asunto e non estivese presente no momento da votación
- c) En ningún caso pode absterse un membro da Corporación de votar

d) Cando o membro da Corporación se houbese ausentado do salón de sesións antes de iniciada a deliberación do asunto e non estivese presente no momento da votación

PREGUNTAS DE RESERVA

36. Segundo o artigo 21 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cando os traballadores estean ou poidan estar expostos a un risco grave e inminente con ocasión do seu traballo, estes poderán:

- a) Interromper a súa actividade sempre e cando o permita o empresario
- b) Interromper a súa actividade sempre e cando se llo autorice a autoridade laboral competente
- c) Interromper a súa actividade sempre e cando se adopte un acordo neste sentido polos delegados de prevención
- d) Ningunha das anteriores é correcta

37. De conformidade co artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas poderán revocar en calquera momento seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación:

- a) Non constitúa dispensa ou exención permitida polas leis
- b) Non sexa contraria ao principio de igualdade
- c) Se exercite unha vez transcorrido o prazo de prescrición
- d) O seu exercicio resulte contrario ao dereito dos particulares

38. Cal é o prazo xeral para expedir unha factura se o destinatario é un empresario ou profesional que actúa como tal (art. 11.1, R.D.1619/2012):

- a) No mesmo momento de realizarse a operación
- b) Antes do día 16 do mes seguinte a aquel en que se producise a devindicación do Imposto correspondente á citada operación
- c) Nun prazo de 30 días naturais desde a entrega do ben
- d) Nun prazo de 30 días hábiles desde a entrega do ben

39. Segundo os artigos 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto da prescrición:

- a) As infraccións prescribirán no prazo de catro anos en todo caso
- b) As sancións prescribirán desde o momento da comisión da infracción
- c) A prescrición aplicárase de oficio, sen prexuízo de que poida ser solicitada a súa declaración polo interesado.
- d) As infraccións leves prescribirán nun prazo superior ao das infraccións graves

40. De conformidade co establecido no artigo 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a quen corresponde fixar a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno dos Entes locais territoriais:

- a) Por acordo do Alcalde ou Presidente dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación
- b) Por acordo do Pleno en sesión extraordinaria, que haberá de convocar o Alcalde ou Presidente dentro dos vinte días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación
- c) Por acordo do Alcalde ou Presidente dentro dos vinte días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación
- d) Por acordo do Pleno en sesión extraordinaria, que haberá de convocar o Alcalde ou Presidente dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación

	Proceso selectivo para cubrir o posto de un/unha axudante en programas de subvencións, encadrado no grupo C1-20, correspondente á convocatoria para nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal "Oficina técnica de asesoramento para o impulso da transición enerxética local 2026-2027" con destino ó servizo de Cooperación.
PRAZA/POSTO	1566 - Axudante en programas de subvencións
TIPO	PLANTILLA DE RESPONSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)
DATA	30/04/2026

Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta
1	C	16	B	31	A
2	B	17	B	32	B
3	C	18	C	33	D
4	C	19	A	34	A
5	ANULADA	20	C	35	B
6	ANULADA	21	C	36	D (Reserva)
7	D	22	A	37	B (Reserva)
8	D	23	B	38	B (Reserva)
9	A	24	A	39	C (Reserva)
10	A	25	B	40	D (Reserva)
11	C	26	A		
12	A	27	B		
13	A	28	B		
14	D	29	B		
15	D	30	C		

De conformidade co disposto na base xeral décimo sexta, as puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse na Sede electrónica da Deputación.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da plantilla coas respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través do formulario "Alegacións" dispoñible no seguinte enlace:

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>

Na data da sinatura electrónica

